

Reunión da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental

Data: **Mércores 27 xaneiro 2021**

Texto da Convocatoria:

- 1) Aprobación, se procede, da acta do 19 de xaneiro de 2021.
- 2) Informes (novedades covid, acto graduación, declaración de intencións)
- 3) Aprobación, se procede, do PDA para o curso 2021-22
- 4) Aprobación, se procede, de solicitudes de TFM ou modificación.
- 5) Aprobación, se procede, da estrutura do novo plan de estudos do MEnA.
- 6) Turno aberto

Asistentes: MCB, GFC, SFL, JG, JGA, MCM, FOP PS
Desculpan a súa asistencia:

Limiar.

O mércores 27 de xaneiro ás 16:30 h na reúnese a Comisión Académica do Master Oficial en Enxeñaría Ambiental de xeito non presencial a través da plataforma MS Teams cos asistentes e orde do día que se indican no encabezado.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do 19 de xaneiro de 2021

Apróbase a acta da Comisión Académica do día 19 de xaneiro de 2021.

2. Informes

- Novidades covid: poderanse rematar as actividades segundo o previsto (exames, defensa traballos), pero sería convinte facelo de xeito telemático, manteráanse os exames presenciais, defensa TFM telemática
- Acto de graduación 2021: os alumnos deciden o venres 9 de xullo (reservado salón actos)
- Declaración de intencións: aprobada en Xunta de ETSE e enviada ó VR

3. Aprobación, se procede, do PDA para o vindeiro curso 2021-22

Unha vez analizada a proposta de PDA relativa ó Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental (P4012) para o vindeiro curso 2021-22, propóñense os seguintes axustes:

- Duplicación da materia obrigatoria “**Instrumentación e Monitorización Ambiental**” (P4012 108) xa que se creará un grupo de docencia en **inglés** (tal e coma se fixo nos pasados cursos académicos, incrementándose o interese do alumnado ano a ano).
- Continuarase coa impartición en **inglés** das materias optativas “**Modelización Ambiental**” (P4012201) e “**Explotación de EDAR e ETAP**” (P4012203). Ao ser optativas, non se propón

duplicación algunha, senon que serán impartidas únicamente en inglés (como se leva facendo dende o curso 2009-10).

- Propónse o mantemento dos 2 grupos nos grupos de laboratorio das materias **“Laboratorio de Tecnoloxías Ambiental” (P4012106)** e nas horas de laboratorio da materia **“Calidade de Augas” (P4012104)**. A redución a un só grupo (causada pola contabilización de 22 alumnos e 1 repetidor, que non chegan ós 25 estipulados) causaría unha grande perda da calidade docente xa que as prácticas actualmente consideradas (reactores biolóxicos de tratamento de augas) non poderían extenderse a un grupo tan numeroso de persoas (para poder operar con estas montaxes o número máximo por grupo é de 15). Sería un gran impacto causado por unha moi pequena desviación no número de alumnos matriculados. Quedo a este respecto a disposición de ofertar calquer outra aclaración.

A Comisión Académica aproba por unanimidade o documento de PDA coa solicitude destes 3 puntos.

4. Aprobación, se procede, das peticións de solicitude de TFM para o curso 2020-2021

Recibíronse 2 peticións de cambio de título de TFM que son aprobadas por unanimidade na Comisión Académica (Anexo I).

<i>Estudiante</i>	<i>Data aprobación</i>	<i>Cambio de Título</i>	<i>Titor</i>	<i>Cotitor</i>
Granja Moreno, Álvaro Fernando	14/10/2020	Evaluación de una fuente de nitrógeno residual para la acumulación de biopolímeros	Anuska Mosquera	Ángeles Val del Río
	27/01/2021	Evaluación de una fuente de nitrógeno residual para el crecimiento de microorganismos acumuladores en el proceso de valorización de residuos grasos		
Rivadulla Cora, Matías	14/10/2020	Eliminación de antibióticos de augas residuais urbanas mediante o proceso SIAM	Juan M. Garrido	Francisco Omil
	27/01/2021	Estratexia de arranque da tecnoloxía innovadora SIAM para o tratamento de augas residuais a escala de planta piloto		

5. Presentación, discusión e, se procede, aprobación da estrutura e contidos do novo plan de estudos do MEnA.

O Coordinador presenta como punto de partida a proposta acordada na pasada reunión (Proposta 3) así como unha variante suxerida pola Prof.^a MCM e apoiada pola Prof.^a BP, a denominada Proposta 3b, que supón as seguintes variacións:

- Consolida un corpo temático (as tecnoloxías de tratamento de solos contaminados) que é importante nos grupos de investigación dos que forman parte os profesores do Máster.
- Ten un potencial de crecemento importante nos próximos anos tanto en investigación como en desenvolvementos prácticos.

Se fixeron os seguintes comentarios:

- Coordinador:
 - ✓ Indica que esta proposta (3b) supón un importante punto de encontro de todos os participantes na Comisión Académica o que sería un punto moi positivo para este novo camiño.
- Prof.^a M.C.M.:
 - ✓ Reafirma a mellora de esta proposta dende un punto de vista global do Máster.
- Prof.^a S.F.L.:
 - ✓ Apoia a proposta 3b.
 - ✓ Avanza que habería que ter en conta que criterios se usarán para a continuidade (ou non) dunha materia optativa. O Coordinador está dacordo, indicando que haberá que realizar unha importante acción de difusión previa o comezo de cada curso para despertar o interese dos estudantes por todas as materias ofertadas.
- Prof. G.F.C.:
 - ✓ Apoia a proposta 3b.
- Prof.^a M.C.B.:
 - ✓ Apoia a proposta 3b.
- P.S.:
 - ✓ Preocupalle o posible menor contido en materias de tipo enxeñaril no módulo 1. O Coordinador lle explica que de feito as obrigatorias son todas elas de natureza enxeñaril segundo o noso obxectivo de alcanzar a acreditación Eur-Ace.

A Comisión Académica aproba por unanimidade elixir a proposta 3b como a nova estrutura do plan de estudos.

A partires de agora se irán programando sesións de divulgación desta nova proposta a profesores do actual máster, alumnos, egresados e comité externo.

En vindeiros días o Coordinador irá proponendo grupos de traballo para ir desenvolvendo as fichas de todas as materias.

6. Turno aberto

As profesoras MCM, SFL, MCB e JGA, así como o Prof. GFC e o Coordinador comentan a situación actual de restricións derivado da covid-19.

Sen máis asuntos que tratar, dase por rematada a reunión ás 17:05 h.

En Santiago de Compostela, a 27 de xaneiro de 2021

A handwritten signature in black ink, consisting of a stylized 'F' and 'O' followed by a horizontal line.

Asdo. Francisco Omil
Coordinador do Máster en Enxeñaría Ambiental

Anexo I

MÁSTER OFICIAL EN ENXEÑARÍA AMBIENTAL
LISTA TFM_s ASIGNADOS SEGUNDO PREVIO ACORDO CO PROFESORADO
Curso 2020 - 21

(Comisión Académica do 27 de xaneiro de 2021)

Recibíronse 2 peticións de cambio de título de TFM que son aprobadas por unanimidade na Comisión Académica (Anexo I).

<i>Estudiante</i>	<i>Data aprobación</i>	<i>Cambio de Título</i>	<i>Titor</i>	<i>Cotitor</i>
Granja Moreno, Álvaro Fernando	14/10/2020	Evaluación de una fuente de nitrógeno residual para la acumulación de biopolímeros	Anuska Mosquera	Ángeles Val del Río
	27/01/2021	Evaluación de una fuente de nitrógeno residual para el crecimiento de microorganismos acumuladores en el proceso de valorización de residuos grasos		
Rivadulla Cora, Matías	14/10/2020	Eliminación de antibióticos de augas residuais urbanas mediante o proceso SIAM	Juan M. Garrido	Francisco Omil
	27/01/2021	Estratexia de arranque da tecnoloxía innovadora SIAM para o tratamento de augas residuais a escala de planta piloto		

En Santiago de Compostela, a 19 de xaneiro de 2021



Asdo. Francisco Omil
Coordinador do Máster en Enxeñaría Ambiental

Anexo II

ESTRUCTURA DE PLAN DE ESTUDOS PARA A REFORMA DA MEMORIA DO TÍTULO

(Aprobada por unanimidade pola Comisión Académica na súa reunión do 27 de xaneiro de 2021)

MÁSTER EN INGENIERÍA AMBIENTAL 3ª ed. 2022-23, 90 ECTS (Rama: Ingeniería y Arquitectura)

(Aprobado por la Comisión Académica, 27 enero 2021)

1.1 (Primer Cuatrimestre)		1.2 (Segundo Cuatrimestre)		2.1 (Tercer Cuatrimestre)	
Módulo I (18)	Módulo II (12)	Módulo III (21 ECTS)	Módulo IV (9)	Módulo V (30 ECTS)	
BASES CIENTÍFICAS E INGENIERILES	GESTIÓN AMBIENTAL	TECNOLOGÍAS SOSTENIBLES	EMPENDIMIENTO Y GOBERNANZA	APLICACIÓN E INNOVACIÓN	
Procesos ambientales y economía circular (4,5)	Sistemas de Gestión Ambiental (4,5)	Tecnologías de tratamiento de aguas (4,5)	Creación y gestión de empresas (3)	Prácticas Externas (6)	TFM (18)
Optativa 1 (4,5)	Diseño Ecológico de Procesos y Productos (4,5)	Tecnologías de tratamiento de residuos (4,5)	Habilidades de dirección (3)	Optativa (3,0)	
Optativa 2 (4,5)	Optativa (3,0)	Laboratorio de tratamiento de efluentes (3)	Optativa (3)	Optativa (3,0)	
Optativa 3 (4,5)		Optativa (3)			
		Optativa (3)			
		Optativa (3)			
		Optativa (3)			

Científicas		Ingenieriles	
Calidad de Aguas (4,5)	Dirección de proyectos de Ingeniería (4,5)	Tecnologías Limpias (3)	Técnicas de monitorización ambiental (3,0)
Suelos y medioambiente (4,5)	Modelización ambiental (4,5)	Aplicación de SIG en Análisis Territorial (3)	Simulación y diseño avanzado de EDAR (3)
Calidad del Aire (4,5)			Tecnologías de tratamiento de suelos contaminados (3)
Ecotoxicología (4,5)			Laboratorio de suelos y residuos (3)

Gobernanza ambiental, instituciones y RSC (3)	Valorización de efluentes y residuos (3,0)
Análisis y Aplicación del Derecho ambiental (3)	Contaminantes emergentes (3,0)
	Minería de datos de procesos ambientales (3,0)
	Gestión Sistemas Naturales (3)

<i>Obligatorias</i>
<i>Optativas</i>
<i>Optativas telemáticas</i>

Resumen ECTS	
Obligatorios	37,5
TFM	18
Optativos Requeridos	34,5
Optativos Ofertados	63
TOTAL	90
Ratio optatividad ofertada	1,83

28 materias ofertadas en total: 8 obligatorias, 18 optativas, PE, TFM